

José Mujica, a vixencia tupamara

Description

O senador Pepe Mujica, co realismo dos vellos utópicos, pretende unha nova sociedade na que reserva para o home o papel de protagonista. Mantén como rumbo a coherencia ética na procura da xustiza social.

Asegura estar vivo, porque a vida, no Uruguai, cotiza máis que na Arxentina, ata para os militares.

Na *chambra*, casa labrega, vive nunha austeridade só entendible cando asegura que *é libre* aquel que fai o que desexa, e eu son libre.

Autodidacta, fóxelle ao alcume de *labrego intelectual*, mais cunha sólida formación teórica, reflexiona con ironía autocrítica sobre: os fracasos da esquerda, os tupamaros, a loita armada, a raíz económica das dictaduras, o nacionalismo na América Latina (AL), ou o esgotamento neoliberal.

Pronuncia un *creo* antes de calquera frase para renunciar previamente a calquera albisco de dogmatismo: *Como vellos, perdemos a arrogancia querer que todos se nos asemellen*.

Nacido en 1934 a vida de Pepe Mujica discorre a cabalo entre a actividade social ou política e o traballo no campo.

No 63 intégrase no Movemento de Liberación Nacional (MLN)-Tupamaros que, liderados por Raúl Sendic, foron una das máis potentes guerrillas de AL. Pretenderon artellar unha organización armada clandestina para mudar a a estruturas do poder e servir de vacina contra da dictadura, mais fracasaron a pesares de acadar un amplo respaldo social.

Foi un dos nove carismáticos líderes do MLN que peregrinou polos cárceres sufrindo as máis macabras torturas, relatadas polo miúdo no libro *Memorias del Calabozo*.

Coa chegada da democracia, o ex-guerrilleiro, é amnistiado e sae de prisión no 1985. Dez anos máis tarde acada a condición de parlamentario na Fronte Ampla, principal forza política uruguiaia, na que desenvolve una intensa actividade política.

Comparte a vida coa deputada Lucía Topolanski, outro dos símbolos da represión no período da dictadura, ambos os dous teñen acadado un amplo recoñecemento e respecto da sociedade uruguiaia.

-Segue considerándose anarquista. ¿Cal é a achega universal do anarquismo?

-Da vella cultura anarquista queda unha cousa: o valor que ten e debe ter o home en calquera proxecto político. Os valores máis humanos, permanentes e intransferibles, foron esquecidos pola esquerda e infortunadamente ficaron polo camiño. O que interesaba do traballador era a súa definición política, non así a súa conducta. Soñouse que mudando as relacións de produción abondaba. Mais hai un fenómeno que é superestructural: a dignidade do traballo e do traballador. O traballo é unha forma de comunicación, máis alá do asoballamento real. As experiencias no mundo dixeron o contrario. De nada vale a construción social se non cambia o home simultaneamente. Se non muda o home non muda nada.

-Pero como modelo de proxecto político non chegou a callar.

-Como tantas outras experiencias é unha experiencia fallida, pero tamén fixo contribucións. Do mesmo xeito que o socialismo real fracasou, tamén fixo achegas. Polo menos deixounos claro o que non hai que facer.

-¿Caeunos algo en Berlín co muro?

-Certo, o problema non é se perderon ou fracasaron eles...non, non, é un fracaso noso co que abrimos as portas a este mundo unipolar. A pesar do burocratismo, a pesar de tantas cousas...había un lugar para onde ollar. Eu non estou no medio, non son neutral, non fago crítica neutral. Os erros do socialismo real son os nosos erros, síntome parte dese erro. A

caída do muro é a explicación política do mundo no que andamos.

-Vostede é un home pragmático. Apoiou ao PS, colaborou cos nacionais nunha época denominada de nacionalismo popular. ¿Como o definiría?

-O nacionalismo dos países poderosos é un perigo, porque sempre o padecen os veciños. O nacionalismo dos países pequenos é unha necesidade para loitar por un menor grao de dependencia. O nacionalismo popular é unha porta de entrada cara aos camiños da liberación nacional, definidos como a multiplicación dos medios materiais e culturais das sociedades nas que vivimos. Historicamente podemos consideralo como unha etapa previa a calquera proposta de carácter socializante.

-¿Entroncaría o peronismo co nacionalismo popular?

- O peronismo tiña no seu seo unha matriz contradictoria. No fondo non foi tan populista, mantiñan unha idea de mágoa cara aos sectores máis postergados. Os segmentos máis acomodados tiñan que facilitarlles prestacións aos máis pobres, sen promover a súa unión para a transformación social. Era caritativo no mellor dos sentidos e o camiño debería ser outro. Acabou sendo, en parte, unha visión do capitalismo nacional, relativamente redistributivo. Esa foi a desgracia de todos os populismos.

-¿Está aínda vixente o nacionalismo desde a perspectiva latinoamericana?

-Penso que hai unha parte do nacionalismo que é case antropolóxica, pertence á forma de ser humana, que pon límites cara ao grande que resulta abstracto e ten un sentido "œlugareño". É común en moitos seres vivos, e no fondo coido que o home non é máis ca un animalíño que ten unha especie de memoria xenética subliminar. O xermolo do nacionalismo está nese agarimo, case natural, cara a onde naceu. Podo coñecer ben a unhas 30 ou 40 persoas, non moito máis, porque é o número tribal da vella familia. Eu vexo ao home sempre teimando en inventar realidades máis pequenas. Precisa dunha tribo.

-¿Uruguai foi embrión de transformación socialdemócrata?

-Situémonos no 1904, cando comeza a proeza de Batlle e Ordóñez, cun estado forte, participativo e cunha política de redistribución case sistemática. Tiña unha base material que lle permitía a ese país gandeiro, pecuario..., ingresos formidables, cunha taxa de rendibilidade pecuaria ao redor do 18 ao 20%. Non podo ser socialdemócrata se non teño para repartir. Cómpre imaxinar o Uruguai de comezos do século pasado. Vivían medio millón de habitantes, había anos que chegaban 50.000 habitantes. ¡Moreas de galegos entraron nese período! O Estado investía cunha visión de proxecto de futuro. Cando se fundan as facultades de agronomía e veterinaria, Batlle ordena buscar e contratar os mellores expertos do mundo. A experiencia de Batlle recolleuna un sueco no libro "œBatlle reformador".

Habería erros, limitacións... pero é incuestionable que non está recoñecida esta experiencia pioneira. No vello mundo son eurocéntricos e na periferia acontecen fenómenos que merecen atención.

-Se naufragou o anarquismo, se o socialismo real fracasou na xestión, se a socialdemocracia tocou teito, se a terceira vía está en vía morta, ¿Cal é a alternativa ao neoliberalismo?

-¡Aínda non estamos mortos!. Creo que estamos nun tempo reaccionario. Esta euforia neoliberal vai murcharse, polas súas propias contradicións. É máis, coido que dentro de moi pouco retornará unha especie de neokeynesianismo a escala globalizada, porque se non é así, o propio sistema esgótase e xa ten demostrado a intelixencia suficiente como para, a pesar das súas contradicións, reformarse a si mesmo.

Penso que imos vivir unha etapa de concesións. Aí é onde emprazo o futuro da Taxa Tobin. Non se pode vivir nun mundo tan feble, tan incalculable, tan imprevisible. O grande reto da esquerda é a construción dun novo arsenal de carácter teórico.

-¿Foi Porto Alegre a resurrección dos perdedores da nova economía?

-Si, Porto Alegre e tamén outras experiencias que están a pasar, como no campesiñado asiático, etc. O home, para moverse, ten que construír antes o modelo, precisa conducirse conscientemente. Este é o labor que ten hoxe a esquerda.

Mentres unha parte da esquerda está a navegar subíndose ao barco capitalista para tratar de darlle un rostro amable, o

que se chama pacto social, a outra parte ficou atrincheirada en 1960 e aínda está a pensar na ditadura do proletariado. Os dous camiños levan ao fracaso. E podemos construír outro modelo e volver a fracasar, mais se fracasamos non vai fracasar só a esquerda, fracasará todo o mundo. Eu non teño respostas, só sei os camiños polos que non debemos transitar.

-¿A era da nova economía, precisa dunha nova democracia na que puntúen parámetros como a corrupción e a desigualdade social? ¿Cómpre formular un novo pacto democrático?

-Non só unha nova democracia, hai que fundar unha nova civilización. Antes pensaba que era un problema do sistema. Comecei a dudar cando nunha Universidade da URSS querían mercarme unhas camisetas de nailon arrepiantes que eles non tiñan. Hoxe penso que é unha cuestión de valores. As contradicións na democracia emanan da cultura que nós respiramos. Isto é o que eu quero rescatar do vello anarquismo. Hai que pelexar no campo da cultura, das ideas... pero definindo aquelas cousas da cultura que cultivan a conducta do individuo.

Cómpre pelexar no nivel da da superestructura, entón...

De feito non é só un problema de relacións de troco, que eu iso xa o asumo por descontado, hai algo máis. De todas as investigacións de Marx, o que ficou como non logrado é o papel da superestructura e nel hai que pelexar tanto ou máis ca no das relacións materiais.

Na Europa rica teñen o problema de non saber onde gardar os autos, mentres hai xente que dorme na rúa. Isto é grave. Pero o máis grave é que ao resto dos cidadáns nin lle importa. Aí está o problema sobre o que hai que reflexionar. Creo que o home é antropoloxicamente socialista. Din os Aïmaras «Pobre é o que non ten comunidade». O que ten un núcleo humano no que recostarse, ese non é pobre, ese non está só. ¡Canta soidade hai construída!

-¿Cal é a prioridade, o MERCOSUR ou o ALCA?

-A necesidade de integración que está detrás da proposta da ALCA no fondo non é máis ca unha necesidade da economía norteamericana, porque necesita asegurarse a venda do seu traballo cualificado e loitar por unha área en competencia coa UE. Máis que precisalo nós, precísano eles. Claro que non creo nas autarquías. Existe un enfoque minimizado do mundo agrícola. Aínda que o seu valor é ridículo na economía, os agronegocios compoñen o 24, 25% do PIB. A economía norteamericana non pode dar de baixa o seu sistema de subsidios e barreiras.

¿Non existe o proteccionismo agrícola?

O que se chama proteccionismo agrícola é unha forma, rebuscada, de formidable proteccionismo comercial e industrial. Suprimir isto non o resiste nin a UE, nin os EEUU. Queren discutilo na OMC, para así adialo indefinidamente. Para nós, todo o que non sexa este tema é secundario, porque é precisamente aquí onde temos a vantaxe comparativa.

O MERCOSUR naceu dos intereses de multinacionais e nel ficou aparcada a nosa axenda social cos nosos verdadeiros problemas. No Brasil hai 70 millóns de persoas, debaixo do nivel de pobreza. Nós temos a difícil tarefa de promover o desenvolvemento rexional, vivir para dentro, capitalizarnos e deixarnos roubar menos.

-Brasil ¿competidor ou socio?

-Non sei o que vai acontecer, pero si teño unha cousa clara: ou saímos coa Amazonia, ou ficamos de peóns dos Estados Unidos. Non hai ALCA sen o Brasil, pero nós tampouco non temos futuro sen Brasil, que con todas as súas contradicións é a novena potencia mundial, cunhas reservas inxentes e inmejorables perspectivas. Non é doado establecer relacións cos EEUU, Chile foi desesperado, e pecháronlle as portas. Os froiteiros de California encargáronse de pórllle o cadeado. A Battle pasoulle o mesmo coa carne.

Tupamaros para deter o golpe

-Lembremos os comezos dos anos 60: privación de liberdades, políticas autoritarias, control social... nesa época é na que vai nacer o MNL-Tupamaros.

-Converxen dous factores que son substanciais: Un de carácter internacional: a liorta coa URSS polo control planetario, que explicaría a política exterior norteamericana e a súa actuación na AL. Non se entende a historia de AL sen ter en conta este factor.

Pero hai outro factor nacional moi importante. A partir de 1950 o noso modelo reformista, socialdemócrata, chega ao seu cénit e esgótase.

É época de cambios no contexto mundial...

O mundo muda aceleradamente, perdemos posicións relativas na economía. Pasaran xa aqueles anos das guerras mundiais que para nós foran beneméritos, de capitalización. Este país viviu un medre económico ininterrompido ata 1930, propiciado pola súa vantaxe pecuaria-gandeira inserida nos imperialismos da época. Logo vai medrar ata 1955 pola vía da industria de substitución, aquela vía que propugnaba países autárquicos con desenvolvemento industrial interno e protexidos con fortes aranceis exteriores. Este modelo vaise ir esgotando cara 1955 e aí comeza a transformación brutal do Uruguai. Hai menos que repartir e os gobernos son cada vez máis autoritarios, máis reaccionarios, porque están nun contexto cada vez máis premido... Aquí é onde está a nosa xénese. A nosa perda de liberdade está avalada no fondo por unha perda de capacidade de reparto.

-¿Albiscaban o golpe militar?

- Hai un troco radical que se dá coa caída de Perón en 1955 no golpe de Estado. Eu creo que aquí ábrese unha época. Cara a 1960 había moita xente que prevía que o Uruguai estaba a deixar de ser a Suíza de América e que ía desembocar nun golpe de estado.

Hai datos que son obxectivos. Cando se funda a central de traballadores, educan no sentido de que ao golpe contestaríase coa folga xeral. ¡Ollo que o Uruguai, en todo o século, non tivera golpismo militar!

Xurdimos como grupo de persoas que teñen distintas disciplinas políticas, pero cun punto en común: prepararse para ser unha organización que clandestinamente amparase a todas as organizacións populares diante da eventualidade dun golpe de estado.

-¿Un grupo sen definición ideolóxica?

- Neste tema tivemos grandes discusións, que remataron en rupturas. ¿Como non íamos ter na década dos 60 esa discusión?. En todo ese período xerminal, eramos avaros en papeis, tendíamos a non elaborar manifestos públicos e no rumbo que nos marcamos, non perdíamos enerxías en loitar ou criticar a ninguén da esquerda.

Mesmo se separaron compañeiros da FAU (Federación Anarquista Uruguiaia) porque puñan como condición a loita ideolóxica contra o PC. Os nosos comunicados eran parcos, precisos... queríamos que as cousas falasen por si mesmas. Non tiñamos terminoloxía acuñada. As accións tiñan que ter un carácter político, para que fosen entendidas pola xente. Mortos, os menos posibles; aos explosivos, tiñamoslles terror; todo o contrario do que fan os vascos da ETA. Eu creo que a forza da nosa mensaxe estaba aí.

-¿ Pretendían a toma do poder?

- Non sabíamos se íamos facer ou non a revolución, pero íamonola xogar contra o golpe, iso si estaba claro.

-Os acontecementos desbordan aos tupamaros.

-¿Que nos comeza a pasar?. A guerra é unha loita técnica que obriga a unha preparación. Non se lle pode responder a unha máquina militar improvisadamente e puxémonos a construír unha estrutura clandestina, que ao medrar, comeza a perder seguranza. Case accidentalmente comezamos a aparecer e aí voltamos a ter outra contradición típica dos homes de esquerdas, que cando teñen un accidente o primeiro que pensan é en facer un manifesto público, ¿non?. Nós decidimos non facelo.

-¿Pero aínda non tiñan pensado pasar á clandestinidade?

- Por sorte envorcamos cando viñamos de asaltar armas no clube de Tiro Suízo. Obrigounos a tomar decisións e a mellorar

a organización. Hai momentos nos que por accidente tivemos fracasos. Nun deles quedan 26 compañeiros retidos e perdemos toda a infraestrutura e o traballo que tiñamos acumulado en 3 anos. Noutro momento son requiridos pola xustiza 24 da organización e só quedan ceibes uns 30 ou 40. Esta era toda a organización. ¡Menos mal que nos pasou isto!, porque eses 24 que ficaron contra a parede, foron a forza de traballo para crear o futuro.

-¿Por que unha guerrilla marcadamente urbana?

-Nós vivimos unha etapa impactados pola Revolución Cubana, percorremos todo o país e serviunos para saber que o modelo non se axustaba. Non lle demos autoridade á cátedra da época porque as revolucións triunfantes crean escola aínda que non o pretendan. Da Revolución Cubana saíu aquel principio de que as cidades son os cemiterios dos revolucionarios. Comezamos a pescudar experiencias do maquis francés, do que acontecía en Alxeria... Un libro de cabeceira noso foi «Rebelión en Terra Santa». A partir de distintos modelos fomos construíndo o urbano.

-¿Por ser máis eficaz ou pola realidade urbana?

-O problema é a xente, non a xeografía. Uruguai, pola súa natureza económica de país pecuario, é un país pasivo. Tivemos moi cedo unha distribución da poboación moi semellante á dun país industrializado. Desde o punto de vista sociopolítico o groso dos uruguaios vive en cidades. Entón semellounos que era ridículo andar camiñando por campos desérticos. O problema nunca foi militar, senón político. ¿Como gañar as masas? E as masas estaban nas cidades.

-Tanta especificidade uruguia: guerrilla urbana, non etiquetaxe ideolóxica, vocación de amplo movemento de masas... ¿Dificultou a relación coas revolucións triunfantes na URRS ou en Cuba?

Nós fomos a contrafío. Porque hai algo que aprendemos da loita guerrilleira típicamente campesina. Pasan cousas das que o groso da poboación nin siquiera se decata. En troques o máis mínimo acontecemento feito nunha grande cidade é imposible ocultalo. As repercusións políticas da forma de loita urbana eran multiplicadoras.

Coa URRS endexamais tivemos relacións. Con Cuba comezamos telas cando xa eramos adultos. Cando xa existiamos por nós mesmos.

-¿Como se explican tantos fracasos militares e o éxito no apoio social?

-Somos froito da nosa sociedade. No Uruguai, unha vida humana vale moito, non estamos en Centroamérica onde non vale nada. Pasounos a nós e tamén aos militares. Houbo unha represión feroz, semellante á de Arxentina, pero sen os seus mortos. Non era viable por cuestións culturais, porque nós temos un pouso de 50 anos de liberalismo socialdemócrata que deixou sedimentados certos valores. Tivemos casos nos que por razóns de fornecemento decidíramos arrebatarlles as armas aos Gardas Cívís, mais un día houbo un accidente e foi tiroteado un home que se resistiu... inmediatamente suspendemos ese tipo de operacións. Porque non existía proporción entre quitar unha arma e pegar un tiro. Axiña recuamos.

-Casos como o de Pascasio Báez, o peón asasinado polos tumamaros por ter descuberto un zulo, nunca deberon ter acontecido.

-Claro que non. Foi unha barbaridade, un erro contra da nosa propia historia. En determinados momentos valoramos en demasía o militar fronte ao político. O que pasa nas organizacións armadas é que tenden a querer amañar todo a tiros. A vía militar fai perder a perspectiva política e transfórmase nunha brutal presión interna sobre todo o aparello. É difícil manexarse na fronteira desta raia.

-¿Os tupamaros medraban desmesuradamente?

-Eramos unha organización de mozos. No ano 69 a media de idade era de 23 anos. A caída dos máis comprometidos e o medre determinounos a termos nunha estrutura de xente cada vez con menos experiencia. Cuestións que tiñamos moi claras na nosa orixe íanse diluíndo. Pasamos a ser máis militaristas e menos políticos. Penso que tivemos a estratexia correcta ata este momento. Era unha rede tan basta que era incontrolable.

-Nos 60 consolídanse os gobernos autoritarios, desaparece o Che... ¿Aparece o pesimismo?

-Houbo unha reforma constitucional que lle aumenta os poderes ao executivo. Interpretámola como unha premonición de que íamos cara o golpe de estado, pero nós estábamos no marco do éxito, e o éxito é perigoso. Medrabamos, non

sabíamos moi ben o que queríamos facer co caudal de xente que nos chegaba, mais demos algunhas respostas. A liña política vaise impór cando xorde a corrente xenerativa que da nacemento á Fronte Ampla. O lóxico segundo á posición tradicional das organizacións guerrilleiras sería negar ese camiño.

-¿Desencadeáronse tensións internas á hora de comenzar á vía política?

-Húboas e fortes. Custounos unha esgazadura, tratóusenos de oportunistas, díxosenos de todo... pero a nós serviunos para aglutinar dalgún xeito un nivel de simpatía moi grande que non o podíamos atender nin meter nas redes clandestinas que xa estaban saturadas. Creo que esta foi unha das cousas que nos manteñen vivos.

-¿Sendic estaba nesta liña?

-Era un home heterodoxo na súa forma de pensar, moitas veces incomprendido polos seus propios compañeiros. Non perdía moito tempo en argumentar, traía xa as cousas elaboradas. O talento político de Sendic era insubstituíble na súa capacidade de ver ao lonxe. El prognosticaba a caída do muro. Lembro unha convención cos compañeiros criticándoo, e el tíñao moi claro, dicía que iso íase a pique. Producía a saltos con gran visión de futuro.

No seu perfil humano era un paisano. Nunca podería ter sido un orador de multitudes. Era un conversador de fogón, típico do paisano. Cunha linguaxe moi sinxela. Pero tiña un capital político inmenso enroupado nun discurso aparentemente caótico e desordenado. Camiñou por todo o país, coñecía xente do máis increíble de todos os recunchos, gañaba á xente de a un.

-Fracasan nos seus dous grandes obxectivos: deter o golpe militar e acabar coa oligarquía... pero defende que o golpe chegaría con Tupamaros ou sen eles.

-Porque é unha etapa da historia latinoamericana onde o vello estado amortecedor xa non funcionaba. O que tiveron de común todas, todas as dictaduras en América Latina é que colocan no ministerio de economía un "Chicago Boy", cousa inconcibible nos estados anteriores ás dictaduras, aínda que gobernase a dereita. É como se os golpes de estado cumprisen o papel de destruír a vella estrutura amortecedora dos estados populistas, para substituíla polo liberalismo máis salvaxe. O primeiro experimento, a fondo, do neoliberalismo fíxose no Chile de Pinochet.

-¿Introduce motivacións económicas na chegada das dictaduras?

-Si, o factor económico é, para min, case determinante. Por iso afirmo que con Tupamaros, ou sen eles, o golpe de estado ía chegar. Había que fracturar a experiencia dese vello estado amortecedor, para que o capitalismo puidese dar o gran salto a esta nova fase. Estorbaban aquelas pirámides de dereitos laborais e sociais.

A década dos 60 é curiosa, jollo, gobernaba a dereita! Nas gráficas, o poder adquisitivo dos traballadores vaise mantendo, con loitas, pero vaise mantendo. Se as comparamos co período da dictadura, desde o 72 ao 90, observamos unha perda de preto do 40%. Isto é común á Arxentina, a Chile e a todas partes.

ETA engordou á dereita

-¿Segue de preto o conflito Vasco?

-Con certa distancia. É o conflito de nunca acabar, pero un que sabe dos despropósitos da condición política entende que, como a causa é nobre, produce tolos. É unha nación moi vella. No fondo hai un conflito nacional e por pouco que se coñeza o estado español, sábese das tendencias nacionais como realidades de gran peso.

A pesar dá desastrosa conducción política do Goberno de Aznar, os vascos tiñan aliados potenciais formidables noutras nacións e rexións e fóronos perdendo. O que conseguiron foi pór a todos en contra, regaláronlle a Madrid todos os aliados. A súa estratexia rematou por engordar á dereita

-¿Fixeron xestións para que ETA sentase á mesa de diálogo?

-Non podo dar moitos detalles pero podo confirmar que fixemos todo canto puidemos para que o goberno español e a ETA sentasen nunha mesa de diálogo. Tivemos contactos con xente do goberno español. Sen embargo, o conflito é dunha irracionalidade tan grande que eu non o dou entendido. Un non ten dereito para entremeterse na política doutro país, pero cando un ve que cae un comando, e de seguida aparece outro e outro, e volta e volta a comezar. É unha falta de

perspectiva non ver que no fondo hai un problema político e que as solucións teñen que ser políticas.

Frases que, segundo o meu criterio, teñen dunha especial relevancia:

A caída do muro é a explicación política do mundo no que andamos.

O nacionalismo dos países poderosos é un perigo para os
países pequenos é unha necesidade para loitar.
No vel

Esta euforia neoliberal

Non se pode vivir nun mundo tan feble, tan

O home para moverse ten que construír ant
esquerda é a construción dun novo arsen
O qu
indu

Precisar

Ou saímos coa Amazonia, ou ficamos de

Houbo unha represión feroz, semellante á de A
vale moito, non estamos en Centroamérica ond
O q
bru

O ta
mur

É com
populis

Que tiver
"Chicago

Hab
a es

Ma
esp

É unha
política

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Setembro 1, 2001

Meta Fields

Autoria : 10036

Datapublicacion : 20010901